

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 5 de abril de 2010 pola que se convoca o curso superior de técnico de urbanismo 2010.

Conforme os fins que lle asigna a este centro a normativa que o regula (Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo), a EGAP convoca o curso superior de técnico de urbanismo 2010.

1. Obxectivos.

O curso pretende que os alumnos adquiren os coñecementos teórico-prácticos e habilidades que os capaciten para traballar no mundo do urbanismo e responsabilizarse dos procesos de xestión do solo. O estudo do urbanismo farase partindo da normativa urbanística española estatal, facendo referencia, nos aspectos de maior interese, á normativa autonómica e, especialmente, á da Comunidade Autónoma galega.

Combina o estudo dos fundamentos teóricos cunha completa formación práctica que no ámbito urbanístico é variada e complexa.

2. Contido.

O curso estrutúrase nos seguintes módulos:

-Módulo I. Marco institucional do urbanismo en Galicia. Estatuto xurídico da propiedade urbana.

-Módulo II. Planeamento territorial e urbanístico.

-Módulo III. Execución do planeamento.

-Módulo IV. Intervención administrativa na edificación e uso do solo.

-Módulo V. As actuacións urbanísticas e o rexistro da propiedade .

-Módulo VI. Obradoiro de planeamento.

-Módulo VII. Traballo individual.

3. Prazas: 40.

4. Destinatarios.

4.1. A metade das prazas (20) ten como destinatarios os empregados/as públicos/as das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local, e das universidades do Sistema Universitario de Galicia que cumpran os seguintes requisitos:

Pertencer ao grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario, ou aos grupos I e II do persoal laboral incluído no ámbito de aplicación do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Este curso valoraráselles con 1,5 puntos a aqueles alumnos/as aprobados/as que cumpran os requisitos para a aplicación do establecido na Resolución do 26 de outubro de 1994, do Instituto Nacional de Administración Pública, pola que se determinan os

criterios de recoñecemento e valoración dos cursos de Administración local, en cumprimento do disposto na Orde do 10 de agosto de 1994, do Ministerio para as Administracións Públicas, e tamén do establecido no Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal (DOG nº 52, do 16 de marzo).

4.2. Poderán optar á outra metade das prazas os profesionais que dispoñan do título de licenciatura, arquitectura, enxeñaría, arquitectura técnica, enxeñaría técnica ou diplomatura universitaria.

Os arquitectos dos concellos que teñan contrato de asistencia técnica encadraranse neste grupo.

As prazas de calquera dos grupos que non sexan cubertas sumaranse ás do outro.

5. Pagamento da matrícula.

5.1. O importe da matrícula é de mil oitocentos trinta euros (1.830 €) para todos aqueles solicitantes que cumpran as condicións prescritas no punto 4.1 e que, ademais, no desenvolvemento do seu traballo habitual realicen tarefas que estean vinculadas directamente co urbanismo.

O importe anterior poderase facer efectivo na súa totalidade no momento de formalizar a matrícula ou en dous prazos. Neste último caso, o 50% do total (915 €) pagarase ao matricularse e o 50% restante (915 €) farase efectivo entre o 1 e o 15 de setembro de 2010.

5.2. O importe da matrícula é de tres mil seiscentos sesenta euros (3.660 €) para os demais solicitantes.

Ao igual que no punto anterior, este importe poderase facer efectivo na súa totalidade no momento de formalizar a matrícula ou en dous prazos. Neste último caso, o 50% do total (1.830 €) pagarase ao matricularse e o 50% restante (1.830 €) farase efectivo entre o 1 e o 15 de setembro de 2010.

O pagamento da taxa de matriculación deberá efectuarse dentro dos cinco (5) días seguintes ao da comunicación por parte da EGAP da aceptación dos alumnos no curso.

6. Forma de pagamento.

A EGAP comunicaralle ao alumnado admitido no curso o prazo así como o modo para a formalización da matrícula.

A EGAP non procederá en ningún caso á devolución das cantidades aboadas.

7. Incumprimento dos prazos de pagamento.

As persoas matriculadas que non fagan efectivo o importe total dos dereitos de inscrición dentro dos prazos marcados para cada caso perderán a súa condición de alumnos deste curso e non terán dereito á devolución das contías ingresadas con anterioridade.

8. Prazo de inscrición e presentación de instancias.

O prazo para a inscrición finalizará o día 30 de abril de 2010.

Para inscribirse, as persoas interesadas deberán cubrir a instancia curricular, que para este efecto figurará na páxina web da EGAP co seguinte enderezo: <http://egap.xunta.es/cursoUrbanismo>.

Ás persoas admitidas solicitaráselles que presenten os seguintes documentos:

a) Se os peticionarios son empregados/as públicos/as:

-Fotocopia do DNI.

-Dúas fotos en cor de tamaño carné.

-Certificado expedido polo responsable de persoal do organismo de que dependa o solicitante, no cal se indique a situación administrativa no correspondente corpo ou escala.

-Documentación acreditativa dos méritos incluídos na instancia curricular.

b) Para o resto dos peticionarios:

-Fotocopia do DNI.

-Dúas fotos en cor de tamaño carné.

-Orixinal ou copia debidamente compulsada da titulación de licenciado, arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro, enxeñeiro técnico ou diplomado universitario.

-Documentación acreditativa dos méritos incluídos na instancia curricular.

Toda a documentación remitida polos solicitantes que non sexa orixinal terá que estar debidamente compulsada.

Poderase pedir a aclaración en todo momento dos méritos presentados. Os méritos que se inclúan na ficha curricular deberán estar convenientemente documentados. A non presentación dos documentos acreditativos dos citados méritos dará lugar á exclusión do curso do solicitante previamente seleccionado.

9. Criterios de selección.

Os participantes serán seleccionados por unha comisión técnica independente, designada para o efecto, cuxa composición será publicada no portal web da EGAP. A comisión seleccionará os candidatos con independencia e discrecionalidade técnica con respecto aos órganos directivos da EGAP.

Os criterios selectivos para a admisión neste curso serán os seguintes:

a) Se os solicitantes son empregados/as públicos/as:

Daráselles prioridade a aqueles casos en que exista unha relación directa entre as tarefas que realiza

o traballador no desempeño do seu posto de traballo e as materias obxecto deste curso, o que se acreditará mediante as certificacións e acreditacións curriculares correspondentes. Ademais, valoraranse os seguintes méritos vinculados coa materia expresada: cursos de urbanismo, experiencia profesional relacionada co urbanismo, publicacións na materia, etc.

En calquera caso, esta convocatoria rexerá subsidiariamente polos criterios de participación nas actividades docentes da Escola Galega de Administración Pública, contidos na Resolución do 4 de xaneiro de 2008 da EGAP, publicada no DOG nº 7, do 10 de xaneiro.

b) Se os solicitantes son profesionais non empregados públicos:

Daráselles prioridade a aqueles solicitantes que acrediten documentalmente que a súa actividade profesional mantén relación directa co urbanismo e que, ademais, poidan demostrar, por medio do seu currículo, unha constatada experiencia neste campo. Valoraranse os seguintes méritos vinculados coa materia expresada: doutoramento; cursos de urbanismo; formar parte de equipos redactores de planificación en xeral e de documentos de xestión e desenvolvemento urbanístico; asistencia técnica a concellos e docencia universitaria na materia.

A comisión poderá establecer cotas para garantir o carácter interdisciplinario e interadministrativo nos grupos de traballo que se establezan, de acordo coas solicitudes recibidas. Así mesmo, resolverá as alegacións e reclamacións que se puidesen suscitar.

10. Publicación da lista de seleccionados e prazo de presentación de alegacións.

A lista de seleccionados publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web da EGAP (<http://egap.xunta.es>). O prazo para a presentación de alegacións será de tres días hábiles a partir da data de publicación, todo isto de acordo co disposto no artigo 59.6º b) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

11. Lista de espera.

A comisión fixará unha lista de espera por orde de preferencia no proceso selectivo para cubrir as posibles vacantes daquelas persoas seleccionadas que causen baixa antes do inicio do curso ou no transcurso das súas primeiras vinte e catro horas lectivas. As persoas que non figuren na devandita lista de espera, ou ben se encontran nun posto máis afastado na lista de reservas, ou ben foron excluídas por algunha das razóns expresadas nas bases da convocatoria.

12. Certificado de aproveitamento.

Para a superación deste curso e a obtención do mencionado certificado de aproveitamento, os alumnos deberán presentar dous traballos: un traballo en grupo que se elaborará baixo a dirección dos monitores dos obradoiros durante o período docente, e un

traballo individual sobre unha materia relacionada coa actividade convocada, cuxa proposta deberá ser aprobada previamente polos directores académicos. Os traballos serán obxecto de exposición pública e o individual será avaliado por un tribunal designado para o efecto.

O prazo de entrega do traballo fixarase durante a realización do curso e seralles comunicado aos alumnos. Se, tras a exposición pública do traballo, o tribunal considera que non acada unha calidade mínima, o alumno deberá presentar de novo o traballo na data que a dirección do curso lle indique (só se terán dúas oportunidades para a presentación do traballo ante o tribunal). A superación deste curso queda supeditada a dous factores: a que os alumnos acudan con regularidade ao curso, cunha porcentaxe de asistencia que deberá ser superior ao 85% das horas programadas, e tamén a que o seu traballo alcance unha calidade mínima. Os participantes que non cumpran os requisitos, sexa cal for a causa, quedarán eliminados, e como consecuencia perderán todos os dereitos.

Unicamente se poderá autorizar a ausencia por causas xustificadas, pero baixo ningún concepto poderá superar esta o 15% das horas lectivas. Neste caso acreditarase documentalmente ante o servizo competente da EGAP ou ante a persoa responsable do curso, nun prazo máximo de dez (10) días despois de que esta ausencia se produza.

Non se expedirán certificados de asistencia sen ter superado o curso.

13. Desenvolvemento.

O curso realizarase na Escola Galega de Administración Pública; rúa de Madrid, 2-4, polígono das Fontiñas, Santiago de Compostela, entre o 20 de maio de 2010 e o 23 de febreiro de 2011.

A súa duración será de 244 horas, que se distribuirán a razón de oito horas por semana, ordinariamente os xoves das 10.00 ás 14.30 horas e das 16.00 ás 20.00 horas.

Durante a realización deste curso levarase a cabo un control permanente da asistencia mediante os sistemas que se establezan para o efecto. Os alumnos que participen no curso terán que asinar a súa asistencia a cada unha das sesións académicas e ao obradoiro. As ausencias ocasionais do curso constarán como incidencia dentro de cada sesión para os efectos do cómputo correspondente. Poderanse realizar tamén controis de asistencia extraordinarios en calquera momento do desenvolvemento do curso.

14. Modificacións e incidencias.

A EGAP reserva para si a facultade de modificar o programa, e a de interpretación para resolver as incidencias que puidesen xurdir no desenvolvemento deste curso, así como a de cancelalo se o escaso número de solicitudes non xustificase a súa realización.

A dirección do curso resolverá as incidencias de carácter xeral que se poidan producir durante o desenvolvemento do curso.

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2010.

Pablo Figueroa Dorrego
Director da Escola Galega de Administración
Pública

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

Resolución do 7 de abril de 2010 pola que se publica a proposta de resolución provisional de solicitudes con dereito a subvención referente ás axudas de proxectos de enerxías renovables, de conformidade coas bases da convocatoria aprobadas por Resolución do 21 de outubro de 2009.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Resolución do 21 de outubro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións e axudas a proxectos de aforro e eficiencia enerxética correspondentes ao exercicio 2009 e ao abeiro do convenio suscrito entre o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) e o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) o día 3 de xullo de 2009, o Inega publicará a proposta de resolución provisional de solicitudes puntuadas no prazo máximo de catro meses, desde a data de finalización do período de presentación das solicitudes.

No caso de axudas cofinanciadas por fondos comunitarios, o beneficiario estará suxeito ás normas de información e publicidade que establece o Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro, que fixa normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión.

Elaborada pola comisión de valoración a proposta de resolución provisional de solicitudes puntuadas referente ás axudas de proxectos de enerxías renovables, cabe darlle publicidade, de conformidade co disposto no artigo 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En virtude do exposto anteriormente,

RESOLVO:

Primeiro.-Publicar a proposta de resolución provisional de solicitudes con dereito a subvención, referente ás axudas de proxectos de enerxías renovables, que figura como anexo desta resolución.

Segundo.-Esta liña de axudas está cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional nun